

1.2. Sinais de identidade e principios de actuación

O CPI de San Vicente da Baña, é un centro público, aconfesional, mixto, participativo, sostido con fondos públicos e xestionado pola comunidade educativa no marco do establecido pola lexislación vixente que:

1. Integra maioritariamente a alumnado do Concello da Baña, dende educación infantil ata educación secundaria xunto cun reducido número de alumnado de fóra da zona de influencia, proveniente dos concellos de Negreira e Ames.
2. Organiza a convivencia da comunidade educativa baixo os principios de respecto, tolerancia, confianza e responsabilidade.
3. Pon á disposición da comunidade educativa todos os recursos públicos, tanto de instalacións como de medios materiais, para facer do centro escolar un centro de encontro, convivencia e aprendizaxe de toda a comunidade educativa.
4. Respecta as ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa e defende a educación pública como un valor democrático que enriquece a todas as persoas.
5. Promove a participación de toda a comunidade educativa en diferentes proxectos de formación, participación e convivencia.
6. Pretende a colaboración de familias e profesorado na procura de lograr os mellores resultados educativos.
7. Fomenta a educación en valores en todas as etapas educativas e nas diferentes áreas e materias a través de actividades comprensivas, creativas, innovadoras e experimentais que promoven a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a educación ambiental, a educación afectivo-sexual, para a saúde, a educación para o lecer a educación do consumidor e vial.
8. Traballa por unha educación inclusiva a través de:
 - *A ensinanza personalizada e con orientación académica e profesional ao alumnado e á súa familia.*
 - *A coordinación entre os diferentes departamentos didácticos e equipos docentes para o desenvolvemento, avaliación, seguimento e mellora do proceso educativo.*
 - *A titoría como labor fundamental na educación en valores do alumnado.*
 - *A igualdade de oportunidades para mulleres e homes*

No Centro, concrépanse os seguintes *principios de actuación*:

- Igualdade na diferenza, considerando a diversidade unha fortaleza e non unha debilidade.
- Diálogo igualitario: o traballo en equipo de toda a comunidade para lograr acadar os obxectivos académicos e persoais é posible a través do diálogo igualitario onde todas as opinións contan.

- Participación: o fomento da participación de toda a comunidade educativa no funcionamento e na vida do centro.
 - Transparencia: a aposta por un centro aberto e en comunicación directa coas familias e a contorna.
 - Educación inclusiva: ademais do seguimento e apoio ao alumnado con necesidades educativas fomentárase a verdadeira inclusión na aula da totalidade do alumnado e non só a integración.
 - Altas expectativas e excelencia académica: manteranse sempre altas expectativas para a totalidade do alumnado mediante a participación en proxectos innovadores e de especial interese pedagóxico, artístico e científico a través da concorrencia ás correspondentes convocatorias.
 - Preparación para a vida: Prestarase especial atención a adquisición das habilidades e competencias que permitan ao alumnado continuar con éxito estudos nas seguintes etapas educativas ou no mundo laboral, desenvolvéndose sen dificultades ante as esixencias na sociedade actual.
 - Solidariedade: a educación na tolerancia e a solidariedade estará presente na actividade diaria do centro.
 - Igualdade:
 - Valores democráticos: A educación nos valores democráticos de igualdade, liberdade e xustiza garante a defensa dos dereitos humanos e a convivencia democrática.
 - Transversalidade : a perspectiva de xénero intégrase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.
 - Inclusión: a aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.
 - Igualdade de oportunidades: o centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.
5. Visibilidade: o centro educativo contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.